

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00017415N.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 1 de abril de 2022.
- Ordinaria de data 4 de abril de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2135/2019.

Licenza para o acondicionamento e cambio de uso de local a vivenda na Prza.N.Señora da Mercé de Conxo, 6 1A

Acórdase conceder a NOCECA SERVIS SLU, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto de data de visado do 09/12/2019 e a documentación presentada o 30/11/2020, 03 e 05/02/2021, 13/10/2021 e 26/11/2021, o acondicionamento e cambio de uso de local a vivenda na Praza Nosa Señora da Merce de Conxo nº6 1ª. Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 35.858,00 €.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016544L.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar no LG Ponte Alvar.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 11/11/2021 e a documentación técnica presentada o 12 e 15.11.2021, cun orzamento de execución material de 166.795,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar situada no Lugar Ponte Alvar Santiago de Compostela.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012274G.

Licenza para demolición de edificio en Rúa P.Constanti, 9.

Acórdase conceder a CANDO SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto data de visado do 11/03/2021 e a documentación técnica presentada o 22 e 24/02/2022, a demolición de edificio situado na Rúa Pérez Constanti 9, Santiago de Compostela (A Coruña),cun orzamento de execución material de 23.929,98 €.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012286Q.

Licenza para a construción de edificio na Rúa Pérez Constanti, 9

Acórdase conceder a CANDO SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 16/03/2021 e o Anexo 2 presentado o 02/09/2021 e o proxecto de execución de data de visado do 08/02/2022 e a documentación presentada o 18/03/2022; cun orzamento de execución material de 485.600,00 €, a construción dun edificio de planta Baixa, 4 plantas altas e baixo cuberta para garaxes, rochos e 8 vivendas na Rúa Pérez Constanti 9, Santiago de Compostela.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00006042A.

Licenza de obra nova para plataforma loxística na RÚA DO PAÍS VASCO, 40-42.

Acórdase CONCEDER a ZABIN GESTIÓN, S.L. licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial para centro loxístico e de distribución na RUA DO PAIS VASCO Nº 40 e 42, segundo Proxecto técnico con visado colexial de 03.02.2022 e anexo con data de rexistro de 15/03/2022, cun orzamento de execución material de 703.723,16 €.

As actuacións consistirán na construción de nave industrial de tres plantas cunha superficie construída de 2.510,86 m² construídos, ocupación en planta de 2.337 m² e altura de 11 metros para plataforma loxística.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Ordenanza 3 de edificación semiacaroada, variante C, do Proxecto sectorial da Sionlla.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021838T.

Adxudicación das “Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020)” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Acórdase:

- Correxir o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de data 7 de xuño de 2021 polo que se aprobaba o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación das “Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020)” de xeito que:

Onde di:

“Existe o crédito orzamentario preciso para tender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2020 2 PPROV 35 1”

Debe dicir:

“Existe o crédito orzamentario preciso para tender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 16100 6090000 2020 2 PPROV 35 1”

- Correxir a partida orzamentaria que se indica no Prego de cláusulas administrativas no seu ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO, de xeito que onde figura:

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA 100 45400 6190000 2020 2 PPROV 35 1

Debe figurar:

“5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA 100 16100 6090000 2020 2 PPROV 35 1

Achégarase o Prego correxido a este acordo

- Adxudicar as obras de “Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020)” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL por importe de 107.785,12 euros máis 21% IVE; 22.634,88 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 16100 6090000 (Código Proxecto 2020 2 PPROV 35 1), conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: **130.420,00 euros.**

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019698E.

Adxudicación das “Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS+ 2017)” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Acórdase:

- Adxudicar as obras de “Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS+ 2017)” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL por importe de 111.917,36 euros máis 21% IVE; 23.502,65 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 16100 6090000 2017 2 PPROV 35 7 conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: **135.420,01 euros**

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021830S.

Adjudicación do contrato de “Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (POS+ 2020)” á empresa MICROMEDIA SL.

Acórdase:

Primeiro: Adjudicar o servizo de “Execución das obras do proxecto Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela (POS+2020)” á empresa MICROMEDIA SL por importe de 23.231,00 euros máis 21% IVE; 4.878,51 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 33403 6260000 2020 2 PPROV 35 2. conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: **28.109,51 euros**

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00052236S.

Devolución da fianza definitiva do contrato de Modificación de Servicios de infraestructuras hidráulicas (auga e saneamento) na Estrada da Coruña” (CONTRATACION/11/91).

Acórdase autorizar a devolución da garantía definitiva por importe de 9.589,47 euros (1.595.554 ptas.) á Sociedad Anónima TRABAJOS Y OBRAS, que absorbeu a empresa ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES ELSAN, S.A , segundo consta na escritura pública outorgada polo notario de Madrid Jaime Recarte Casanova o día 31 de xullo de 2006, baixo o núm. 2.921 do seu protocolo.

A dita garantía definitiva foi prestada mediante aval para responder do contrato de execución do Proxectos das obras de “Modificación de Servicios de infraestructuras hidráulicas (auga e saneamento) na Estrada da Coruña”.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046989N.

Devolución de fianza “Subministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco”.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SL*, por importe de 5.103,30 euros para responder do contrato de Suministro de sistemas de control de acceso mediante bolardos na Rúa San Francisco”.

12. EXTINCIÓN DE INCENDIOS. Referencia: 2022/00006738D.

Cesións de bens, propiedade e/ou uso a terceiros e outras administración: vehículo Magirus matrícula C-5752- V do año 1982.

Acórdase:

Declarar efecto non utilizable o vehículo Magirus matrícula C-5752- V do año 1982 en desuso polo servizo de extinción de incendios, transformando a súa natureza de dominio público, servizo público, en patrimonial.

Ceder gratuitamente á Fundación de Ferrocarriles de Galicia o vehículo municipal en desuso Magirus matrícula C-5752- V, que pasaría a integrarse no patrimonio do museo do ferrocarril de Galicia cunha finalidade museística e divulgativa e afección permanente de destino.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009713V.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de D. E. S.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. E. S.**, e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010341E.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de M. P. C.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. P. C.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009716C.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. P. S.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. P. S.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010407L.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de S. T.

Acórdase acceder ao solicitado por **S. T.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00013242W.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. A. J. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. A. J. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00013240T.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. J. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. J. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

19. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014954N.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de S. L. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **S. L. G.** e renovar para o ano 2022 e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular e autorizar, así mesmo, a transmisión da mesma a favor do seu fillo A. J. L.

20. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010202K.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. E. E. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. E. E. M.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

21. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014026G.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. C. M. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. C. M. M.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

22. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010359V.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. C. M. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. C. M. M.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

23. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010333Z.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de N. J. S.

Acórdase acceder ao solicitado por **N. J. S.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

24. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00012156C.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. R. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. R. G.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

25. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010257F.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. C. B. C.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. C. B. C.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

26. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010259D.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de Á. J. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **Á. J. G.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

27. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010401J.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. M. A.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. M. A.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

28. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009977M.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de Á. F. F.

Acórdase acceder ao solicitado por **Á. F. F.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

29. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014998X.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. M. L. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. M. L. G.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

30. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00012139A.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de D. B. A.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. B. A.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

31. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014011N.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. D.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. D.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

32. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009691H.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. B. C.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. B. C.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

33. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009493G.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. L. F. F.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. L. F. F.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

34. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009484H.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. D. F. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. D. F. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

35. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009463C.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. E. J. R.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. E. J. R.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

36. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009980P.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de D. J. C.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. J. C.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

37. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009974W.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. R. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. R. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

38. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009764E.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de D. G. F.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. G. F.**, e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

39. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00016874T.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. B. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. B. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

40. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014564J.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de C. R. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **C. R. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

41. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00013250X.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. R. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. R. G.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

42. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009480Z.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de L. F. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **L. F. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

43. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00017079K.

Cesión casetas da Praza de abastos

- Autorízase a cesión temporal das casillas NC 47 - NC 48 da Praza de abastos a favor de Mercado de Abastos S.Coop.G . A cesión temporal rematará o vindeiro 31 de decembro de 2022.

44. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00014457K.

Solicitude de espectáculos da Rede Cultural 2022 da Deputación da Coruña

Acórdase:

- 1.- Solicitar a Deputación da Coruña os espectáculos que se relacionan no seguinte cadro e que forman parte da proposta da programación REDE CULTURAL 2022 que a Deputación Provincial achega aos concellos.

Relación de espectáculos:

SOLICITUDE ESPECTÁCULOS RED CULTURAL 2022							
CENTRO SC	DATA	HORA	NOME DO GRUPO	NOME DO ESPECTÁCULO	CUSTO	CONCELLO 70%	DEPUTACION 30%
Sta Marta	22 outubro	18 h	Tanxarina	Trogloditas	1936	1355,2	580,8
Castiñeiriño	10 decembro	18 h	Paco Nogueiras	Radio Bulebule	412,5	288,75	123,75
A Peregrina	27 outubro	18.30h	Marisa Irimia	Contos feitiçeiros	320	224	96
Ensanche	4 novembro	18h	Pedro Bugarín	Mundo Máxico	750	525	225
Figueiras	12 novembro	18.30h	Laguagua servicios socio	Maruxa Popins	270	189	81
Bornais	24 novembro	19h	Dani Blanco	Mumuran as miñas veciñas	361	252,7	108,3
Lavacolla	29 outubro	18.30h	Títeres Brincadeira	Onde viven os monstros	320	224	96
Casco Histórico	4 xuño	13h	Dani Barreiro & friends trio	Dani Barreiro & friends trio	1750	1225	525
Vite	28 outubro	18h	Entidad Iván Davila Grand	Contos de trasnos e meigallos	400	280	120
Vite	14 novembro	18h	Felipe Díaz Valle	Manual para deitarse e durmir	350	245	105
Fontiñas	21 xullo	11h	Pablo A. Díaz Carro	Canta Música	550	385	165
Conxo	17 decembro	18.30h	Raquel Queizás	Cinema marabillas	550	385	165
Conxo	29 outubro	19.30h	Cé Orquestra Pantasma	Fíos do querer	1210	847	363
Castiñeiriño	29 outubro	18h	Sen Cancelas Teatro	Fálame como a choiva e A Habitació	310	217	93
Castiñeiriño	26 novembro	18h	Lisístrata	Contando en feminino	310	217	93
A Rocha	19 novembro	18 h	Agrupación teatral Mariñan	Crime desorganizado	310	217	93
Vite	16 setembro	18h	Latexo escola de percusión	Espectáculo de animación de rúa	580	406	174
Fontiñas	14 xullo	11h	Migallas teatro	Orella Pendella	750	525	225
Alameda	28 maio	17.30h	Antón Ke	A gaita galega,homenaxe a Xoán Manuel	399	279,3	119,7
Pontepedriña	11 novembro	18.30 h	Marisa Irimia Palmeiro	Martiño e o paraugas máxico	320	224	96
Sar	23 novembro	19.30h	Avelino Gonzalez	Contos de contrabando	660	462	198
TOTAL					12818,5	8972,95	3845,55

2. Solicitar unha retención de crédito para o Departamento de Centros Socioculturais pola cantidade total de 12.818,5 € con cargo a partida presupostaria correspondente aos CSC. OUTROS GASTOS DIVERSOS ACTIVIDADES para cubrir os gastos correspondentes os espectáculos seleccionados para a rede de c.s.c. do programa da REDE CULTURAL 2022.

3.- Unha vez xustificando o pagamento dos espectáculos polo Concello, a Deputación achega o 30 % correspondente a cada unha das actuacións solicitadas, o que supón un total de 3.845,55 €, sendo a aportación municipal de 8.972,95 € correspondente ao 70 % do total, tal é como indican as bases do programa.

45. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00015477X.

Aprobación do Informe-proposta relativo á convalidación de acto ditado en resolución nº2021/11287 da Concelleira delegada de Facenda.

Acórdase:

Primeiro.- Tomar coñecemento do vicio de anulabilidade consistente en non ter a competencia para acordar a retención cautelar do pagamento da axuda concedida a Concelleira delegada de Facenda senón que dita competencia é da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Convalidar o punto terceiro da Resolución nº 2021/11287 referente a acordar a retención cautelar do pagamento da axuda concedida ao abeiro da convocatoria da AXUDAS PARA O RESCATE DO SECTOR CULTURAL MAIS AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19.

46. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00016791D.

Rexeitamento de axudas públicas correspondentes á convocatoria por parte do concello de Santiago de Compostela de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5 de agosto de 2019 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan de Vivenda 2018 – 2021, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana grupos de vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña FASE 6.

Acórdase non conceder a axuda pública solicitada por desistencia dos interesados relacionados de seguido, debido a que non emendaron tal coma se lles requiriu as deficiencias detectadas nas súas solicitudes de subvención:

Interesados: C.PP. PALAS REI 1 e C.PP. CANFRANC 2

47. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: Gastos de defensa letrada e representación de funcionario.

Gastos de defensa letrada e representación dun funcionario municipal.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación por un importe total de VINTE E NOVE MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (29.705,50 €), dos cales corresponden ao IVE a cantidade de CINCO MIL CENTO CINCUENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (5.155,50 €), segundo minuta dos honorarios da citada avogada que se achega no expediente.

48. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017473R.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local das sentenzas recaídas nos procedementos PO 153/2019 CA1, PO 193/2020 CA1 e PO 207/2020 CA2.

Dase conta das citadas sentenzas.

As sentenzas 080 do PO 153 e 067 do PO 207 son desfavorables para o Concello, recorribles en apelación. A sentenza 067 do PO 193 é favorable, recorrible en apelación.

Atendendo á cronoloxía dos expedientes, a primeira sentenza 080/2022, do PO 153/2019 do CA 1, resolve o recurso contra o Decreto do 08.04.2019 que dispoñía, no LAP/365/2018, derivado do DIS/304/2018, e que tiña por finalidade a legalización da actividade da canteira, a cautelar de suspensión de novos vertidos en tanto non fose resolto o expediente. A demandante alegaba

caducidade, xa que por resolución do 16.09.2019 foi declarada a caducidade do expediente, con nova incoación. En opinión da defensa municipal, a declaración de caducidade implicaba o levantamento tácito da cautelar, coa conseguinte perda do obxecto xudicial; xa que na nova incoación non era adoptada dita cautelar. A sentenza non “entra” en cuestións de competencias; e directamente estima a demanda ao considerar, na liña exposta pola demandante, que a caducidade do procedemento implica a caducidade da cautelar.

O LAP/365/2018 finaliza co Decreto do 06.11.2019, confirmado en reposición o 04.02.2020, que declara a ineficacia da comunicación previa de cambio de titularidade presentada por SERTEGO. O Decreto é impugnado ante o CA 1, dando lugar ao PO 193/2020, cuxa Sentenza 067/2022 resolve as cuestións fundamentais:

a. A competencia do Concello: en opinión da demandante, a Xunta de Galicia é a única Administración competente, polo que nada tiña que comunicar ao Concello. O Xulgado resolve que, certamente, a competente dende o punto medioambiental é a Administración autonómica; e que a AAI vincula ao Concello. Pero ilo non elimina as competencias locais urbanísticas e de actividades; o que xustifica a licenza de actividade de 2011. Polo tanto se, na liña defendida polo Concello, ademais dun cambio subxectivo (de titularidade) existen cambios obxectivos na actividade (depósito dun residuo perigoso como é o amianto, contaminación por biogás, e previsión de ampliación para a valoración e reciclaxe de residuos), que deben ser comunicados ao Concello; quen, en caso contrario, está facultado para declarar a ineficacia da comunicación, xa que se trata de alteracións que poden repercutir na seguridade e salubridade das persoas.

b. A falta de informe técnico municipal: alegaba a demandante que o Concello non podía declarar a ineficacia porque carece de persoal adecuado para examinar a actividade. O Xulgado responde que dito informe é innecesario, xa que as alteracións son evidentes e veñen avaliadas pola propia resolución da Xunta de Galicia.

c. O carácter substancial das modificacións: admitidas estas pola demandante, a cuestión era resolver dito carácter ou non, para os efectos de presentar unha nova comunicación. O Xulgado volve a diferenciar os ámbitos competencias de cada Administración, resolvendo que se o novo proxecto recolle alteracións como o depósito de residuos perigosos, que afectan á seguridade, salubridade ou perigosidade; dende o punto de vista municipal a modificación é substancial, xustificando dita comunicación obxectiva.

d. Non modificación da actividade desenvolvida: alegaba a demandante que, non obstante os cambios, a actividade viña sendo a mesma, polo que estaba amparada pola licenza orixinal de 2011, sen necesidade de cambios. En opinión do Xulgado, a mera incorporación do depósito de amianto é suficiente para rexeitar tal alegación, xa que o mesmo precisa aprobación da autoridade laboral, precisamente por afectar á seguridade e salubridade.

e. Por último, o Xulgado rexeita a alegación da non contaminación por biogás, cando foi precisamente este feito o que motivou a incoación de expediente de revisión da AAI pola Xunta de Galicia.

O recurso é desestimado, confirmándose as dúas resolucións municipais do LAP/365/2018.

Finalizado o expediente de legalización, retómase o DIS/304/2018, declarándose non legalizada a actividade por Decreto do 03.12.2019, confirmado en reposición o 05.02.2020. SERTEGO impugna ambos decretos, alegando caducidade do procedemento, e invocando novamente as cuestións de fondo resoltas no PO anterior.

O DIS/304/2018 viña de ser suspendido por Decreto do 13.06.2019, en tanto non fose resolto o LAP/365/2018. E así, resolto este, por Decreto do 03.12.2019 levántase a suspensión, e declárase non legalizada a actividade; e dáse traslado á Xunta de Galicia para que adopte as medidas que procedan, ao carecer a actividade do título habilitante municipal. Estes decretos son impugnados, dando lugar ao PO 207/2020 do CA 2, resolto coa Sentenza 067/2022, do 15 de marzo. O Xulgado remítese, nas cuestións de fondo, ao resolto polo CA 1 na sentenza anterior, analizando unicamente a alegación de caducidade. O expediente DIS/304/2018 iniciouse por Decreto do 19.10.2018, e rematou co Decreto do 03.12.2019, excedendo así o ano que dispón o artigo 152.5 da Lei do solo. E neste punto, estima a alegación da demandante, de considerar que o Decreto do 13.06.2019 carece de efectos suspensivos, xa que non está de entre os previstos no artigo 22 da Lei 39/2015; nin a tramitación da legalización co mesmo efecto no artigo 152.

E así, o Xulgado declara caducado o expediente “*sin perjuicio de que el Concello demandado incoe un nuevo expediente de reposición de la legalidad urbanística, dado que la acción de reposición de la legalidad no está prescrita*”.

As tres sentenzas son susceptibles de recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das sentenzas. 2. Non recorrer as Sentenzas 080/2022 do PO 153/2019 do CA 1, e 067/2022 do PO 207/2020 do CA 2.
3. Agardar pola firmeza da Sentenza 067/2022 do PO 193/2020 do CA 1. En caso de recurso, presentar oposición ao mesmo.
4. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

49. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017118Z.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no procedemento PA 438/2021 CA1

Dase conta da sentenza nº 129/2022

Obxecto: sanción de 300€ e perda de dous puntos por exceso de velocidade.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante impugnou as sancións impostas con base en dous argumentos. En primeiro lugar, alegaba que o Concello non tiña aplicado a redución de 5 km/h que marca a normativa. Con ilo, degradaríanse a infracción e a sanción económica, ademais de desaparecer a perda de puntos. E segundo, e como novidade na demanda, que no expediente non constasen dúas fotografías do vehículo, concretamente a específica da matrícula.

O Xulgado estima os argumentos municipais, rexeitando o recurso:

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

50. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017117J.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 72/2019 CA1.

Dase conta da sentenza nº 128/2022

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos nunha motocicleta.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante reclamou polos danos sufridos na súa motocicleta, supostamente polo mal estado da vía. O Xulgado desestima a demanda:

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

51. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017114X.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local das sentenzas recaídas nos procedementos PA 432, 433, 434 e 435/2020 CA1

Dase conta das citadas sentenzas.

As sentenzas son desfavorables para o Concello, non recorribles en apelación.

Os demandantes son bombeiros que reclamaban percibir as retribucións complementarias na súa última quincena como funcionarios en prácticas, ao principio do estado de alarma.

O primeiro que fai o Xulgado é admitir a “emenda” da demanda no acto da vista, xa que reclamaban as retribucións ata o 01 de abril, cando nesa data foron nomeados funcionarios de carreira. Na vista os demandantes cambiaron ao 31 de marzo, ao que se opuxo a defensa municipal, xa que deste xeito pretendían evitar unha estimación parcial, sen custas.

Con respecto ao fondo, o Xulgado considera, non obstante o informado e declarado polo xefe do SEIS, que os demandantes desempeñaron as mesmas funcións sen diferenza substancial cos funcionarios de carreira, sen ningún compañeiro actuando como tutor.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

52. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017113D.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 052/2019 CA1.

Dase conta da sentenza nº 120/2022

Obxecto: responsabilidade patrimonial por declaración de ineficacia de comunicación previa.
Contía: 2.577,76 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante tiña presentado unha comunicación previa para a instalación dunha pérgola na súa casa; transcorrido o prazo de 15 días, e no entendemento de que dispoñía de título habilitante, adquiriu os materiais. Logo, o Concello comunicoulle que, dadas as características da instalación, precisaba licenza, declarando a ineficacia da comunicación.

O Xulgado estima a demanda, co único argumento da vulneración do principio de confianza lexítima; e coa única proba da factura da compra deses materiais.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para verificar o estado actual da terraza.

53. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00015633R.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 423/2020 CA2.

Dase conta da sentenza nº 070/2022

Demandante: DISCOMGAL SL

Obxecto: devolución ingresos indebidos por desistencia actividade empresarial.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A demandante viña de presentar un proxecto en Urbanismo, liquidándose os correspondentes ICIO e taxas. Ante a imposibilidade, por incumprimento dos requirimentos, de levalo a cabo, solicitou a devolución dos pagos, coa xustificación de que o Concello non tiña efectuado actividade algunha. Cómpre indicar que o recurso foi presentado contra a desestimación presunta da solicitude. Sen embargo, dous días antes de contestar a demanda, a solicitude foi estimada parcialmente en vía administrativa, declarándose como indebido o pago do ICIO.

Na sede xudicial, o Concello alegou que estábamos ante actos de aplicación dos tributos; polo que a desestimación presunta tiña que ser obxecto de recurso de reposición para esgotar a vía administrativa e acudir a xudicial. O Xulgado acolle este argumento, sen entrar no fondo, xa que ordena ao Concello “outorgar” prazo para que a demandante poida interpoñer dito recurso; que non obstante xa tiña ao ser estimada parcialmente a solicitude, e notificada con dito pé de recurso. E ademais, condena en custas a aquela.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de xestión tributaria para a súa “execución”.

54. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017186J.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PA 22/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 92/2022

Obxecto: Contra desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos presuntamente causados por bolardo a un vehículo

Contía recoñecida : 621,75 euros

A sentenza que ten o carácter de firme é desfavorable aos intereses municipais. Nela estímase o recurso interposto e estima que están acreditados os danos a través da documental aportada e tamén o nexa causal a través das respostas do policía local citado como testemuña. Non téndose xustificada actuación incorrecta ningunha da demandante.

As custas impóñense ao concello cun máximo de 400 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución.

55. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017192L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 403/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2

Dase conta da sentenza nº 68/2022

Obxecto: Contra sanción de tráfico de 300 euros e retirada de dous puntos no carnet

A sentenza que ten o carácter de firme é desfavorable para o concello, pois estima a demanda polos seguintes motivos: as fotografías obrantes no expediente non permiten identificar cunhas mínimas garantías de seguridade o número de matrícula do vehículo, non consta a ratificación do axente denunciante, o certificado aportado do cinemómetro é o de un modelo diferente ao que figura na fotografía, e finalmente porque na data dos feitos era de aplicación a orde ITC 3123/2010 que esixe dous fotogramas alomenos do vehículo infractor.

Contra dita sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución.

56. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00015902V.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no recurso de apelación AP 15016/2021 do PO 391/2020 CA2.

Dase conta da sentenza.

Demandante: MONFOBUS, S.L.

Obxecto: Resolución do Tesoureiro Municipal de 8.07.2020 pola que se acorda rexeitar o recurso interposto contra o requirimento do 9.10.2019 para a designación de bens a embargar, ditado no expediente de recadación executiva nº 50876, correspondente ao canon pola explotación do recinto feiral de Amio correspondente ao ano 2010, por importe de 64.622,91 euros.

A sentenza é DESFAVORABLE aos intereses municipais, xa que a Sala considera, seguindo a interpretación —ao noso xuízo errónea— do xulgado de instancia, que as actuacións da Administración municipal tendentes ao cobro da débeda (neste caso, mediante compensación), non se referían ao canon do ano 2010, senón ao do 2013, pois así constaba no expediente administrativo.

A defensa tratou de deixar clara esta cuestión no recurso de apelación, ao evidenciar o erro do xulgado de instancia. A pesar da claridade do exposto no recurso de apelación, a Sala limitouse á literalidade do expediente e non á realidade material da compensación, que se ben fíxose no ano 2013, referíase á débeda do 2010.

A sentenza é susceptible de recurso de casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir á sección de recadación executiva para os efectos da súa execución.

57. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00016994M.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 1 ao 7 de abril de 2022.